






SENDA VERDE CICLISTA de LUGO


Concello de Lugo
ALCALDÍA


Lugo en
Bicicleta

www.lugoenbici.gal
www.concellolugo.gal

 @concellodelugo
 @concellolugo
 @concellodelugo



SENDA VERDE CICLISTA de LUGO

Que é a senda verde ciclista de Lugo?

É o primeiro itinerario ciclista interurbano de Lugo. Con 14 km de lonxitude, completa un circuíto, de oeste a leste e de norte a sur, que interconecta 8 barrios entre si (Lamas de Prado, Abella, A Residencia, Fonte dos Ranchos, Camiño Real, Ronda do Carme, costas do Parque Rosalía, Paseo do Miño) e, a súa vez, coa contorna do Miño, unha das zonas de paseo máis utilizadas pola cidadanía e que acolle numerosos equipamentos deportivos e de lecer. A súa implementación responde á transformación na que traballa o Concello de

Lugo, liderada pola alcaldesa Lara Méndez, cara unha cidade sostible e combativa contra o cambio climático, pensada para mellorar a confortabilidade e saúde da veciñanza. Nesta planificación, fomentamos un sistema de mobilidade climáticamente neutro creando infraestruturas seguras para impulsar a bicicleta nos desprazamentos habituais urbanos en detrimento do uso do vehículo privado. Este proxecto enmárcase na **estratexia DUSI Muramiñaes**, da Muralla ao Río, que se desenvolve con fondos europeos.

Que criterios segue o seu deseño?

A seguridade, de ciclistas e tamén de viandantes, valorando así mesmo, a densidade de tráfico e as pendentes das rúas. Por este motivo, conviven carrís bici segregados (de cor verde) nas rúas con maior ancho, que representan o 50% da senda, cos viarios de coexistencia, onde a velocidade máxima dos vehículos se reduce a 20 km/h. **A rectitude do itinerario**, buscando os traxectos máis curtos e directos que conecten

distintos puntos, e cos mellores tempos de percorrido, para favorecer o uso a bicicleta como transporte habitual. **A cohesión interna da ruta**, e tamén a súa conexión con outras redes de mobilidade como o autobús urbano. **A eliminación do menor número de prazas de estacionamento**, creándose, ademais, novos aparcamentos alternativos. Pérdense un centenar de prazas en todo o itinerario.

Que non te troleen!

“O uso da bicicleta está ben para outras cidades, pero en Lugo chove e hai moitas pendentes, penseuse niso?” Hai moitas cidades cun clima similar ou con condicións meteorolóxicas bastante máis adversas que Lugo onde é habitual a mobilidade en bicicleta, como Vitoria-Gasteiz, Lisboa, Copenhague, Montreal ou Ámsterdam. Só é necesario adaptar medidas adecuadas á nova mobilidade. É posible que se precise de certo tempo para o cambio de hábitos, como adoita suceder coas novas actuacións pero é necesario avanzar na estratexia global na loita contra o cambio climático. En canto ás pendentes, en Lugo, o 83% do viario urbano

ten pendentes inferiores ao 4%. Actualmente, existen solucións como as bicicletas eléctricas e patinetes que solucionan o problema orográfico dalgunhas destas rúas. **“É Lugo un concello con potencial para fomentar o uso da bicicleta?”** As cidades máis propicias son aquelas nas que unha elevada porcentaxe dos desprazamentos diarios son inferiores aos 5 km. No caso de Lugo, estes representan o 76,7% do total. Para estas distancias, a bicicleta, tal e como demostran diversos estudos, é o vehículo máis rápido porta a porta. Ademais, Lugo, polas súas reducidas dimensións e

a súa alta porcentaxe de desprazamentos internos (o 90,9% das viaxes por motivo de traballo realízanse dentro do propio municipio), realza o papel que pode ter a bicicleta como verdadeira opción de transporte cotián. **“Por que se definiu a senda ciclista por estas zonas, e non por outras?”** O carril bici discorre só por estes barrios porque se desenvolve cos fondos europeos da estratexia DUSI Muramiñaes, da Muralla ao Miño, que teñen unha zona moi definida de actuación. O obxectivo da mesma é facilitar unha nova accesibilidade, máis sostible, desde a trama urbana ao río, integrando a contorna fluvial na

cidade, impulsando e protexendo ao mesmo tempo o patrimonio histórico, social e natural. **“Hai rúas nas que o carril bici remata sen xeito?”** Non. As bicicletas poden pasar de carrís bici segregados (cor verde) a rúas de coexistencia de tráfico (marcas viarias en cor branca, correctamente sinalizadas). **“As bicicletas deben ir de maneira obrigada polo carril bici?”** Deben ir preferentemente polo carril bici pero a normativa de circulación permite que as bicicletas poidan tamén circular pola calzada, se así o desexan.

Consellos prácticos para circular en bicicleta

- » **Planifica a ruta**, axudarache a aforrar tempo e a circular máis seguro.
- » **Usa os carrís bici** sempre que poidas.
- » **Non circules polas beirarrúas**. Está prohibido. Son espazos reservados exclusivamente para viandantes.
- » Se non existe carril segregado (cor verde), circula polo teu carril da calzada, e, en caso de dous carrís, prioriza sempre o dereito.
- » **Faite visible**. As bicicletas deben levar sempre unhas boas luces, tanto a dianteira, de cor branca, como a traseira de cor vermella. A DXT recomenda usar pezas reflectoras tamén durante o día.
- » **Utiliza casco**, pódenos salvar de consecuencias fatais.
- » **Non circules con auriculares nin co móbil** nos desprazamentos en bicicleta. Son elementos que distraen a atención sobre a circulación.
- » **Usa o timbre**. É obrigatorio levar timbre cando circulamos en bicicleta pola cidade. É necesario para indicar a túa presenza en situacións inesperadas ou nas que necesites pasar.
- » **Respecta os sinais** e as normas de tráfico.
- » **Vixía en cruces e interseccións**. En vías de sentido único, ao virar debes situarte o máis preto do bordo esquerdo da calzada e sinalizar con antelación. En vías de dobre sentido, ao virar hai que cingirse á mediana ou ao eixo da calzada. E en glorietas, o ciclista sempre ten prioridade cando circulando en grupo, o primeiro pasase.
- » **Sinaliza as túas manobras**. Nas bicicletas, a diferenza dos coches, non temos intermitentes. Polo que é importante sinalizar calquera manobra para que os vehículos de detrás saiban que vas facer. Estenderemos a man cara ao lado que queremos virar ou poremos o brazo esquerdo en posición de 90 graos se queremos ir á dereita. Para parar, sinalizaremos coa man cara atrás.
- » **Nada de alcol**. Da mesma maneira que cos vehículos a motor, a DXT fixa unhas taxas. A permitida é de 0,5g/l en sangue ou 0,25mg/l en aire expirado.
- » **A bicicleta, sempre a punto**. Debe estar en boas condicións.

Sabes do Centro de promoción da bicicleta?

Coordina as actuacións municipais que buscarán impulsar o uso deste transporte en todos os ámbitos, especialmente, entre os colectivos cunha baixa cota de mobilidade ciclista. Este proxecto permitirá desenvolver políticas públicas que teñan por obxectivo non só mellorar a mobilidade urbana, senón, tamén, achegar valor para a comunidade local e a sociedade en aspectos como:









- » **A saúde**, a través do fomento do deporte e a mellora da calidade do aire.
- » **A protección do medio ambiente**, grazas á diminución de contaminación e os niveis de ruído.
- » **A economía e o turismo**, incentivando que este novo Centro sexa un motor de desenvolvemento de novas oportunidades empresariais.






Mesa-observatorio da bicicleta


Grazas á participación de distintos grupos representativos na sociedade lucense (asociacións, institucións públicas, centros educativos, tendas especializadas, etc.), preténdese fomentar un nexo de unión no que conflúa o diálogo e a cooperación, co obxectivo de acadar conclusións, tomar decisións e recomendar liñas de acción que impulsen o uso da bicicleta entre a cidadanía.



SENDA VERDE CICLISTA de LUGO

-  Carril bici segregado (sentido único)
-  Carril bici segregado (dobre sentido)
-  Ciclorrúa (sentido único)
-  Ciclorrúa (dobre sentido)
-  Prioridade viandantes (dobre sentido)
-  Interseccións (precaución)
-  Ciclorrúa + Carril bici segregado
-  Ciclorrúa + Sentido contrario ao tráfico

-  Aparcadoiro vehículos (gratuito)
-  Aparcadoiro vehículos (de pago)
-  Aparcadoiro bicicletas
-  Camiño de Santiago
-  Vía XIX



Que tipos de vía compoñen a senda verde ciclista?



CICLORRÚAS

- » Coexisten bicicletas co resto de vehículos.
- » Dispoñen de marcas viarias en cor branca coa sinalización correspondente.
- » A prioridade é ciclista. A velocidade será de 20 km/h.



CARRIL BICI SEGREGADO

- » Vía ciclista segregada que discorre pegada á calzada.
- » De un ou de dobre sentido.
- » Sinalizada e protexida mediante separadores.



O carril bici segregado está diferenciado en **COR VERDE**.

As interseccións están sinaladas en **COR VERMELLA**. Teñen prioridade as bicicletas, os coches deben cederlles o paso.

Que outros elementos a conforman?



DIANTE DE CADA VAO HAI UNHA ASPA BRANCA para advertir a ciclistas e persoas usuarias de garaxes de dita singularidade.



APARCABICLETAS. Instaladas en todo o percorrido en zonas de maior utilidade: próximos a centros educativos, a prazas, a zonas comerciais, á área deportiva e fluvial, etc. Nas zonas onde se prevé longa estancia dispuxéronse marquesiñas protectoras. Colocáronse 165 prazas cubertas e 108 descubertas.



PLATAFORMAS AXEDREZADAS EN PARADAS DE AUTOBÚS para que as persoas usuarias do autobús o fagan con seguridade, xa que as/os viandantes teñen prioridade sobre as bicicletas. Tamén permiten unha maior accesibilidade ao transporte urbano a persoas con problemas de mobilidade, carriños de bebé ou cadeiras de rodas.



CARTEIS DE APERTURA DAS PORTAS DOS VEHÍCULOS onde o carril bici discorre entre a beirarrúa e os aparcamentos, como reforzo de seguridade lembrando as recomendacións da DXT para abrir as portas do vehículo 'á holandesa': Para saír desde o asento do condutor, hai que accionar o mango de apertura coa man dereita e actuar de forma inversa, coa man esquerda, se se abandona o vehículo polo lado dereito. Hai que facelo sen precipitarse, tomándose o tempo necesario para mirar ben cara atrás antes de saír do coche. Esta sinxela verificación evita que as bicicletas choquen cunha porta aberta de forma precipitada.



PLATAFORMAS AXEDREZADAS DIANTE DOS COLECTORES DE LIXO: danlle prioridade ás persoas sobre as bicicletas para que crucen con seguridade ata os colectores.

BANCOS DE RECARGA INTELIXENTES. Dotados de placas solares, facilitan a recarga de bicicletas, con portos USB e portos de carga inalámbrica de teléfonos móbiles.